



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACION PAIDEIA GALIZA, PARA A ORGANIZACIÓN E POSTA EN MARCHA DO MÁSTER DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E ATENCIÓN TEMPERÁ

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, por vacante segundo o disposto na disposición adicional 1ª do decreto 176/2015, de 3 de decembro, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa FUNDACION PAIDEIA GALIZA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do Máster de desenvolvemento infantil e atención temperá a desenvolver durante o ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio nos colectivos implicados na Atención temperá, proporcionándolles unha formación interdisciplinaria de posgrao que resulta fundamental para que o persoal que traballa no ámbito sanitario, educativo ou social nas primeiras idades realice as súas funcións con eficacia.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a FUNDACION PAIDEIA GALIZA debe ser considerada como a única entidade de iniciativa social especializada que está a organizar e impulsar un Máster en desenvolvemento infantil e atención temperá.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

